



CONCELLO DE RIBADEO



CALIDAD TURÍSTICA

CARTA DE SERVIZOS PRAIAS DAS CATEDRAIS E OS CASTROS-AS ILLAS 2024



AS CATEDRAIS



OS CASTROS-AS ILLAS

CARTA DE SERVIZOS

TEMPADA DE BAÑO: 17 xuño- 08 setembro

PERIODO DE MAXIMA AFLUENCIA: 15 xullo- 15 agosto

ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DE RIBADEO - BOP Lugo nº 138 19/06/2021

CODIGO DE CONDUCTA NA PRAIA

Nas praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas, non está permitido nin dentro nin fora da tempada de baños:

- Presenza de embarcacións a motor, motos de auga, etc, excepto as pertencentes ao servizo de seguridade e salvamento.
- Presenza de animais de compañía (prohibición na Semana Santa e do 15 de maio ao 15 de setembro)
- Depósito de residuos e envases en lugares non autorizados
- Realización de acampadas
- Paso de vehículos non autorizados
- Emprego de deterxentes en duchas exteriores
- Outras actividades molestas para o resto de usuarios (ruídos molestos, prácticas deportivas non autorizadas...).

SERVIZOS A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DAS PRAIAS

	AS CATEDRAIS	OS CASTROS-AS ILLAS
ACCESOS	Os principais accesos á praia sitúanse na estrada N-634, na zona da Devesa, á cal tamén se pode acceder dende a autovía A-8. Dispónse dun acceso ó areal, non adaptado, si sendo accesible todo o entorno da praia. En Semana Santa, xullo, agosto e setembro é necesario contar cunha autorización gratuíta para visitala (https://ascatedrais.xunta.gal)	Os principais accesos á praia sitúanse na estrada N-634, na zona da Devesa, á cal tamén se pode acceder dende a autovía A-8. Dispónse de 3 accesos ó areal, 2 en Os Castros e 1 en As Illas, non adaptados, si sendo accesible todo o entorno da praia.
ASEOS, DUCHAS, LAVAPES	A praia de As Catedrais dispón de 3 baños, un deles adaptado para persoas con mobilidade reducida. Prezo público de 1,00 € polo uso dos aseos. Horario: 8 horas en función da marea. As duchas, fontes e lavapés que hai nos accesos permanecerán habilitadas.	No acceso mediante ramplas hai 4 aseos e 4 duchas, o mesmo que no acceso por escaleiras. Na caseta de socorrismo e primeiros auxilios situada no centro do paseo existen ademais 2 aseos adaptados. Horario aseos: de 11:30 a 19:30 horas
SERVICIO SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS	Nas praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas existen un equipo para salvamento e primeiros auxilios composto por un xefe de grupo, 11 socorristas, 3 técnicos sanitarios e voluntarios de Protección Civil, asistidos polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Concretamente, o Centro de Saúde de Ribadeo, que conta cun Punto Atención Continua 24 horas, situado na Rúa Reinante s/n, teléfono 982130143, no que ademais se atopa dispoñible unha ambulancia medicalizada permanentemente. Horario servizo: de 11:30 a 19:00 horas	
PUNTO INFORMACIÓN	O punto de información na praia de As Catedrais encóntrase situado no acceso principal á mesma. O horario de apertura é en función da marea baixa. Ademais, está o Servizo de Información Turística no casco urbano do Concello de Ribadeo, na Praza de España (Centro do Casco Histórico) con horario de luns a sábado de 10 a 14 e de 16 a 19 en inverno e de luns a domingo de 10 a 14 e de 16 a 20 en verán. O teléfono é 982 128 689.	
POLICÍA LOCAL	A Praia de As Catedrais e Os Castros-As Illas contarán con presenza policial segundo protocolo definido polos mandos da Policía Local, en horario de 11 a 20 horas dende o 15 de xuño ao 15 de setembro. Noutras tempadas (festas ou eventos especiais), manteranse os servizos mínimos.	
PAPELEIRAS, CONTEDORES RECOLLIDA SELECTIVA	Existe un servizo diario de limpeza nas praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas, mediante o cal se limpa a superficie das praias e as súas infraestruturas e accesos. Ademais, hai localizadas papeleiras e contedores para a recollida selectiva dispostos nos accesos principais, que se baleiran diariamente.	

CARTA DE SERVIZOS

ANÁLISE DA CALIDADE DA AUGA	Nas praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas existen un servizo de análises da auga realizadas cada 15 días a través da Xunta de Galicia, mediante o cal se pretende levar a cabo un seguimento das augas de baño destas praias, conseguindo así unha garantía de calidade. Os resultados destas análises actualizados pódense consultar nos paneis informativos situados nos principais accesos das praias dende o 15 xuño ó 15 de setembro.
------------------------------------	---

SISTEMA DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS

Existen follas de reclamacións e suxestións a disposición dos usuarios das Praias das Catedrais e Os Castros-As Illas nos puntos de información e nos módulos de salvamento das praias. Tamén na páxina web do Concello de Ribadeo e no Punto de Información Turística hai un buzón de suxestións para calquera idea que se queira aportar. Ademais, dentro do sistema de calidade pertencente a estas praias, existen rexistros para as incidencias e non conformidades detectadas diariamente nas praias.

RESULTADO DE INDICADORES AMBIENTAIS EN 2023

Indicador	Unidade	Os Castros-Illas	As Catedrais
Biodiversidade	m2/1.000 usuarios	11,09	2,25
Consumo de enerxía eléctrica	kWh/1.000 usuarios	0,00	0,00
Consumo de auga	m3/1.000 usuarios	220,36	21,36
Consumo de tóner	kg/1.000 usuarios	0,0163	0,0037
Consumo de papel de oficina	kg/1.000 usuarios	0,0815	0,0185
Consumo de papel hixiénico	kg/1.000 usuarios	10,44	9,21
Consumo de papel secamans	kg/1.000 usuarios	1,01	4,64
Consumo de produtos de limpeza	kg/1.000 usuarios	5,27	2,59
Consumo de combustible	GJ/1.000 usuarios	4,82	3,28
Xeración de residuos da fracción resto	kg/1.000 usuarios	8.842,34	2.836,14
Xeración de residuos de envase	kg/1.000 usuarios	1.620,55	388,83
Xeración de residuos de papel-cartón	kg/1.000 usuarios	451,53	130,95
Xeración de residuos de vidro	kg/1.000 usuarios	1.515,86	249,71
Xeración de residuos de fosa séptica	kg/1.000 usuarios	1.046,03	1.028,60
Xeración de residuos biosanitarios	kg/1.000 usuarios	0,00	0,00
Vertido augas sanitarias e limpeza	m3/1.000 usuarios	44,07	4,27
Vertido augas residuais	m3/1.000 usuarios	176,29	17,09
Emisións	t CO2/1.000 usuarios	11,47	7,81
Calidade da auga de baño	Clasificación final	Excelente	Excelente
Calidade da area	TPHS (mg/kg)	Apta	Apta
Calidad da lamina de auga	Análise visual	Apta	Apta
Fungos e lévedos de duchas e lavapés	ufc/25 cm2	Apto	Apto

RESULTADO DE INDICADORES HIXIENICO-SANITARIOS EN 2023

Indicador	Os Castros-Illas	As Catedrais
Nº picaduras por animais mariños	35	83
Nº picaduras por animais terrestres	0	11
Nº de cortes	3	21
Nº de contracturas, golpes ou torceduras	3	28
Nº de feridas, astillas, rozaduras ou queimaduras	12	82
Nº de rescates	5	4
Nº días de prohibición do baño (distinto a bandeira vermella)	0	0
Nº outros sucesos (sarpullidos, ampollas, mareos, etc.)	1	31
Nº asistencia con desvío a centro de saúde ou hospital	2	14
Nº total asistencia	59	260

CARTA DE SERVIZOS

INDICADORES SIGNIFICATIVOS 2023		
Praia	Funcionamento normal e anormal	Impacto
As Catedrais Os Castros-As Illas	Consumo de auga	Esgotamento recursos naturais
As Catedrais Os Castros-As Illas	Consumo de combustible	Esgotamento recursos naturais
As Catedrais Os Castros-As Illas	Consumo de produtos de limpeza	Esgotamento recursos naturais
As Catedrais Os Castros-As Illas	Consumo de papel hixiénico	Esgotamento recursos naturais
As Catedrais	Consumo de papel secamans	Esgotamento recursos naturais
As Catedrais	Xeración de residuos de fracción resto e de envases	Contaminación do chan e auga
As Catedrais Os Castros-As Illas	Xeración de residuos de vidro	Contaminación do chan e auga
As Catedrais Os Castros-As Illas	Xeración de residuos perigosos mantemento vehículos	Contaminación do chan e auga
As Catedrais Os Castros-As Illas	Vertido de augas	Contaminación do chan e auga
Praia	Riscos hixiénico sanitarios	Impacto
As Catedrais Os Castros-As Illas	Caída en altura / a distinto nivel	Afección á saúde
As Catedrais Os Castros-As Illas	Picaduras de animais mariños	Afección á saúde
As Catedrais	Golpes ou rozaduras	Afección á saúde
As Catedrais	Cortes por cristais, pedras ou residuos na area	Afección á saúde
Praia	Situacións de emerxencia	Impacto
-	-	-

OUTROS INDICADORES A DESTACAR

- Numero de queixas recibidas por parte dos usuarios da praia en relación ó servizo de socorrismo e primeiros auxilios (Nº queixas temporada anterior = 0)
- Número de queixas sobre os servizos de mantemento e limpeza de instalacións e equipamentos (Nº queixas temporada anterior = 1)
- Numero de queixas recibidas con respecto á enquisa de satisfacción de usuarios (Nº queixas temporada anterior = 0)
- Número de enquisas realizadas (Nº enquisas temporada anterior = 100 Os Castros-As Illas / 81 As Catedrais)
- Numero de incidencias detectadas nas inspeccións con respecto ó servizo de mantemento existente na praia (Nº incidencias temporada anterior = 0)
- Numero de queixas recibidas con respecto ó servizo de ocio (Nº queixas temporada anterior = 0)
- Número de queixas recibidas en relación ó servizo de accesos á praia (Nº queixas temporada anterior = 1)
- Numero de queixas recibidas con respecto ó servizo de vixilancia (Nº queixas temporada anterior = 0)
- Numero de incidencias detectadas nas inspeccións con respecto ó servizo de información existente nas praias (Nº incidencias temporada anterior = 0)

OBXECTIVOS ESTABLECIDOS 2023

- OBXECTIVO Nº 1: Reducir o consumo de combustible nas praias nun 5 %.
- Resultado: O obxectivo acádase sobradamente, ao conseguir unha redución dun 64,46% en As Catedrais e dun 59,02% en Os Castros-As Illas.

NOVOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS 2024

- OBXECTIVO Nº 1: Mellora do entorno das praias.

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO CONCELLO DE RIBADEO

O Concello de Ribadeo adquiriu compromisos tanto de calidade coma de xestión ambiental que se reflicten nas políticas de xestión de praias e ambientais aprobadas pola xunta de goberno local e que están expostas ó público.